



JOSÉ SOUTO SOUTO

O 8 de Setembro de 1916 naceu José nunha familia mariñeira e pescadora. Foron seis irmáns, tres mulleres, Carmen, Nieves, Amalia e tres homes, Víctor, Rafael e José. Viviron en Loureiro (San Pedro de Visma, na Coruña), pero cando levaron a buceta (1) para Riazor, dende O Portiño, mudáronse a casa de Labañou. Alí seus pais José Souto e Amalia Souto tiñan unha horta, onde cultivaban nabizas.

As mulleres vendían o peixe que os homes da familia, na súa pequena embarcación, pescaban, que, xunto cas nabizas, era o motor da economía familiar.

Ó chegar a República entrou na familia José Longueira Bermúdez, que casou con Nieves. Tiveron dúas fillas, Chiruca e Marisa.

Longueira foi un destacado dirixente de Sindicato de Pintores de A Coruña, chegando a alcanzar a responsabilidade de Presidente do sindicato (2).

Xa o pai de José Longueira, Francisco, fora un home moi comprometido e, según Antón Patiño, “un gran dirixente “. (3)

En 1915 formaba parte da segunda Comisión Xestora da Casa Sindical. Logo, en abril de 1933, Francisco Longueira formara parte dunha comisión do Sindicato de Metalúrxicos da Coruña, no Congreso Nacional da Industria Metalúrxica. Chegou a ser o presidente do Sindicato de Metalúrxicos. (4) Participou activamente na Frente Popular como ponente nos mítines .

O cuñado de José Souto, José Longueira, tivera dous irmáns máis, Guillermo e Tomás.

O 13 de decembro o irmán máis pequeno, Tomás, “O Caracol” recibe un balazo que lle atravesa o peito, e ingresa no hospital. Participaba nunha refrega entre gardas de asalto e os asistentes a xuntanza clandestina no decembro do 33 (5).

Os xornais daban conta da queima da igrexa de Elviña, tiroteos nas rúas, diferentes altercados entre os folguistas e as forzas de seguridade . Nesas días as folgas revolucionarias movilizaban as cidades. Na Coruña desenrolouse, a finais do 33, a folga coñecida como “a da construción”, tempo no que os irmáns Longueira, xunto con Arturo Meirás Martínez, ambos os dous veciños da Silva, protagonizan un altercado no Agra do Orzán (6).


Ser da Silva era tanto como decir culpables, según a instrucción do consello de guerra, polo intento de fuga do Monte de San Pedro de Visma. A policía fai un relatorio sobre os veciños do lugar da Silva , chegando a asegurar que tomaron parte na resistencia ao exército, facendo barricadas ou portando dinamita .(7)

Tomás Longueira Bermúdez foi un dos paseados coruñeses do que se descoñece o seu paradeiro.

A José Longueira Bermúdez , marido de Nieves, ó fusilaron, porque acudiu a chamada en defensa da República. Entre unha das moitas imputacións na causa do Intento de fuga do

“Explorador “, acúsano de parapetarse xunto cun grupo duns once ou doce homes na casa en construción coñecida pola de “Suárez Ferrín “, o alcalde republicano da Frente Popular logo asasinado. (8).

En 1936 José Souto Souto fanaba xunto ó seu pai e seus irmáns na buceta; tiña 20 anos. Cando José tivo corpo para traballar empezou a faenar. Jose Souto Souto era meu pai.



...cosas.
...ERTO TIROTEO.— UN ANAR-
...QUISTA HERIDO GRAVE-
...MENTE
...La Coruña.— Cerca de la fábr-
...ca de calzados Senra se entabló
...un tiroteo entre los guardias de
...Asalto y un grupo de sediciosos,
...que fueron sorprendidos celebra-
...do una reunión clandestina.
...Cayó herido de gravedad un co-
...nocado anarquista apellidado Lon-
...gueira, a quien le atravesó una
...bala el pecho.
...UN TIROTEO MAS.— UN PARA-
...DO DESDE HACE TIEMPO, CON




Nunha das moitas conversas que tivemos na nosa familia nos contaron que estivo fuxido polos montes de Bens, onde vivía a súa tía, irmá do avó.

Tiveron unha xuntanza familiar os tres irmáns, xunto o vello Souto, para decidir quen se incorporaba ó exercito e marchaba a guerra . Recibiron a comunicación de presentarse no cuartel. Decidiron que se quedara Rafael e se foran Víctor e José.


Víctor nunca retornou.(9).

Rafael, Carmen, Nieves, Amalia e os avós continuaron loitando na guerra cotidiana do sustento e a dignidade .

A principios de 1937 prodúcese a incorporación de José Souto Souto como soldado de reemplazo ao Rgto Zamora, e o trasladan en tren ao acuartalamento de Torrijos en Toledo, onde se incorpora ao Rgto Argel nº 27 Bon 166 (10).



Nesa mesma primavera produciuse a fuxida de máis sona na cidade de A Coruña, polo Portiño (11).



O relato de cómo se pasou ao bando da República e ao final da guerra fuxiu ó norte de África, polo de agora, fica sen descubrir.

Das conversas co meu irmán maior Víctor, con quen mais contacto mantivo meu pai, sabemos que pasouse á República, loitou contra os franquistas e, xunto con outros, conseguiu unha pequena embarcación, e desde o Levante, chegaron ao norte de África.

A fuxida podería ser similar a de outro galego que tamén protagonizou unha roncabolesca fuxida ó norte de África, Cariño López (12).

Desde principios de 1937 que está documentada a presenza de José Souto Souto no fronte de Madrid, ata xaneiro de 1943, é presumible a súa estada nun campo de internamento francés, no norte de África, e posiblemente a súa pronta incorporación a Lexión Estranxeira francesa (13).

En 1943, tras o desembarco dos aliados nas costas do norte de África e os vaivéns dos colaboracionistas franceses, os republicanos españois enrolados nos exércitos aliados combateron a os italianos e alemáns (14). Nun deses combates José Souto foi feito prisioneiro polos italianos, entre o 19 de xaneiro de 1943 e o 19 de febreiro de 1943. Ca derrota e abandono de Túnez dos exércitos italiano e alemán foi transferido a distintos campos de prisioneiros(15).

Nesta penosa situación , e xa que a maioría dos prisioneiros morreron nos barcos que os trasladaban a Europa, el sobreviviu.

O Comité internacional de la Croix-Rouge de Suisse (Cruz Roja Suíza) nos documenta a súa presenza o 23 de maio de 1944 no Stalag 8 A de Górlitz , según un listado proveniente do “ Cheif Man “ no Stalag XXID.

Copie conforme
ARCHIVES DU CICR

Kriegsgefangenenlager Stalag XXI D, Gef.-Nr. 11.661 Datum 23-5-44
 Prisoner of War Camp Date

Name Souto Vorname José
 Surname Christian Name

Dienstgrad u. Truppenteil Soldat 1^o Regt. Etrangere
 Rank and Unit

Geburtsdatum 25-9-1926 Geburtsort Carriño - España
 Date of birth Native-place

Letzter Wohnort Stalag 8 A, Górlitz
 Last dwelling

Adresse meiner Angehörigen Calle Juan Ponce de León 27
 Home Address Carriño - España

Unverwundet - leicht verwundet - in deutsche Kriegsgefangenschaft geraten -
 Unwounded - slightly wounded - prisoner of war in Germany -
 befinde mich wohl.
 I am well.

(Nichtzutreffendes ist zu streichen)
 (Passages non apposite to the point to be cancelled)

[Signature]
 Signature

Da liberación do campo non existen datos recollidos no CICR (16).

Eva Feenstra, profesora da universidade de Graz, realizou, xunto con seus alumnos, un traballo sobre o campo de prisioneiros escravizados en Bretstein, onde apareceron unhas tumbas de republicanos españois (17). No seu mensaxe se nos indica que ese campo de prisioneiros debeu ser liberado polas tropas rusas.

Desde Francia en 1947, retornou a súa casa. Apareceu na casa dos avós a primeira hora da mañá, deixou unha maleta na porta e foi prender un cigarro, sentouse ao final da horta e agardou que se ergueran seus pais . A súa nai Amalia Souto atopouse co seu fillo despois de dez anos. José pediulle un vaso de leite(18).

Empezou a traballar co seu irmán Rafael e seu pai na buceta que tiñan en Riazor. Retornou a vivir na súa casa de Labañou .

Casou con Gloria Victoria, a miña nai, en 1949 e naceu o meu irmán Víctor.



José coñeceu a súa muller en Riazor , onde ela iba buscar, xunto a súa nai, o peixe que traía o vello maragato (meu avó materno, Manuel Suárez Parga, na súa buceta), para vender as capturas do día no mercado. .

Os meus avós maternos vivían preto da actual praia de Riazor. Miña nai naceu na Rúa Rubine 17 de aqueles tempos.

José convidou a Victoria ir o cine, e meses despois casaron .

A miña tía Nieves, viúva de José Longueira, traballada de redeira no muro coruñés e conseguiu que unha casa armadora de Marín a contratara como chavoleiro.

Paradoxos da vida, miña nai recibiu do Dictador Franco as chaves dunha vivenda no Grupo de Pescadores, que o réxime construía para as xentes do mar.

Meu pai tardou varios anos en aceptar vivir nesas vivendas, pero o tempo e as razóns da nosa avoa Amalia conseguiron que voltara ca familia. Mais antes queimara a foto na que Victoria recibira do Dictador as chaves da vivenda.

Elas, as mulleres, son un monumento a dignidade e a concordia ; a súa laboura diaria, a súa xenerosidade, o seu amor foron o sustento da miña familia; despois de sufrir soidade, medo, a falla do marido, a represión da guerra e da terrible dictadura franquista, mantivéronse con honor.



José e Victoria tiveron cinco fillos, Víctor, Teresa, Juan José , Ricardo e Fernando.



Meu pai morreu en 1973 nun accidente doméstico e ata 1981 non empecei a interesarme polo recuperación da súa memoria.

Neste ano 2005 sinto a necesidade de expresar un sentimento de desasosego, como cidadán polo descoñecemento do meu propio pasado .

Qué pasou para que meu pai non transmitise a súa historia, só a relatase en privado ?. Todos temos moitas explicacións, pero a realidade é que moitas persoas aínda hoxe non queren falar . Por que se mantén esa sensación de medo ?. A presenza da Dictadura envolveu a todo o País, todos viviron e sufriron a presenza constante da súa nefasta influencia (19).

A sociedade ten unha débeda ca historia, e os portadores da memoria histórica son os avós.

Na cidade da A Coruña mantéñense os nomes de rúas, de colexios, as estatuas, a simboloxía, i o nome do hospital máis famoso de Galiza, , onde danse honores e distincións a xentes que ...¿ Quénes foron?. Por qué méritos e feitos merecen ser lembrados polas xeracións vindeiras.? Cal e a razón pola que se manteñen nas rúas seus nomes, súas estatuas,...?



O presenza desa simboloxía é unha forma de represión que axuda a manter a sensación de medo sobre os cidadáns e cidadás libres.

Como fillo dun home represaliado polos rexímenes feixistas, tanto o franquismo como o nazismo, reclamo o dereito de lembrar seus nomes nas rúas para exemplo das xeracións futuras, e reclamo construír o rueiro cos nomes de homes e mulleres que loitaron para que nos foramos máis ceibes, e disfrutáramos dunha democracia.

Quen foi José Souto Souto? Foi un xoven de 20 anos, en 1936.

(1) Buceta: pequena embarcación de pesca

(2) LONGUEIRA BERMÚDEZ, José (1909 -1937):

Pintor, veciño de Labañou. Detido en outubro de 1934. Presidente e vice-presidente do Sindicato de Pintores da Coruña. Un irmao fusilado. Implicado na tentativa de fuga no "Explorador" en agosto de 1937. Condenado a pena de morte en novembro de 1937.

(Información facilitada por Eliseo Fernández, recollida de Causa 1091/37: "Fuga do explorador")

(3) Conversa con Antón Patiño (1 de Abril de 2005 durante o Rueiro pola cidade da A Coruña, con motivo da presentación do seu libro "Memoria de Ferro". Antón era veciño da Silva e membro do Ateneo Libertario "El Resplandor en el Abismo" ; o enderezo actual de este centro Libertario é na Fonte Nova e o local ahinda se mantén en pé .

(4) LONGUEIRA, Francisco.

Membro da segunda Comisión Xestora da Casa Sindical polo Sindicato de Metalúrxicos, en 1915. En setembro de 1930 representa ao Sindicato de Metalúrxicos da Coruña no Pleno Rexional celebrado na Coruña. Metalúrxico, vocal da FLO da Coruña en febreiro de 1932. Presidente do Sindicato de Metalúrxicos en xullo de 1932. Integra unha comisión do Sindicato Metalúrxico da Coruña para o estudo dos temas do Congreso Nacional da Industria Metalúrxica, en abril de 1933. Presidiu varias xuntanzas da Sección de Salazoneras do SIP en setembro e outubro de 1934.

Archivo Histórico Nacional. Madrid. Fondo Ministerio del Interior. Expedientes Policiales. AH-13644, AH-13722.

Solidaridad Obrera. A Coruña, 15-11-30, 30-7-32, 5-11-32, 8-4-33.

(Información facilitada por Eliseo Fernández)

(5) *El Pueblo Gallego*, 13-12-33, 14-12-33

"(...) se entabló un tiroteo entre los guardias de asalto y un grupo de sediciosos que fueron sorprendidos en una reunión clandestina. Cayó herido de gravedad un conocido anarquista apellidado Longueira"

(6) *El Pueblo Gallego*, 16-01-34

"(...) Por extremistas: La Coruña.- Una pareja de la Guardia Civil detuvo en el agrá (sic) del Orzán a Guillermo Longueira Bermúdez y su hermano José, por considerarles peligrosos extremistas revolucionarios, los que fueron puestos a disposición del Gobernador civil. También fue detenido por la misma causa Arturo Meirás Martínez".

(7) *"La policía informa... : pudiendo asegurarse tomo parte en la resistencia al ejército, pues en el lugar donde vive la Silva, casi todos los vecinos tomaron parte, ya haciendo barricadas, ya portando dinamita de la que tenían gran cantidad ". Causa 362/37 Fuga do O'Portiño-Informacion policial*

(8) Sentencia do consello de guerra 1091/37 : "(...)

"(...) Resultando : que el procesado paisano JOSE LONGUEIRA BERMUDEZ que fue detenido a consecuencia de estos autos los que acreditan que el día de declararse el estado de guerra en esta plaza se unio a un grupo de diez o doce individuos que parapetados desde la casa conocida por la de Suarez Ferrin, en aquel entonces en construcción, hicieron resistencia prolongada y sangrienta contra el ejército ". En *Causa 1091/ 37*, conocida como fuga do " Explorador"

(9) "Casou con Ingeborg en segundas nupcias; a súa primeira muller morrera nun bombardeo. Ingeborg era alemana . Estableceu en Venezuela e tiveron dous fillos.Mantivo o contacto ca familia e chegou a mandar unha cinta para que a súa nai escoitara a súa voz " (Conversa con Roberto Ponte, meu primo).

Esta nova non foi confirmada pola prima Chiruca.

Sobre o tío Víctor descoñecemos a súa historia, dende 1937 en que marchou da casa, ata que a finais dos anos 40 contactou ca familia, desde Venezuela . Víctor Souto Souto morreu no exilio e foi enterrado na outra beira atlántica .

Recentemente miña irmán Teresa descubriu un parecido moi grande entre un dos compoñentes da tripulación da LIBERTARIA" e o tío Víctor (A foto a fixeron cando desembarcaron en Gijón tras conseguir fuxir de A Coruña) (foto recollida no libro A FUXIDA DO PORTIÑO, editado por A NOSA TERRA e promovido pola CRMH d'A Coruña, os autores Eliseo Fernandez. Dionisio Pereira, Carlos Velasco e Emilio Grandio

(10) O Arquivo Militar de Ávila nos proporcionou os documentos onde se recolle o alistamento, traslado e incorporación de meu pai ó exército nacional.

"Relación de reclutas del Regimiento de Infantería de Zamora nº 29 que se incorporan al bon (batalón) 166, debiendo ser entregadas a las partidas receptoras en la estación de Bargas (Torrijos ,Toledo) : Soldado (...) José Souto Souto..."

(11) ".....texto da causa onde se nomea a Jose .."

Causa 362/37 fuga do Monte de San Pedro de Visma

Nas actas do consello de guerra polo intento de fuga do monte de San Pedro de Visma (O'Portiño) en Marzo de 1937 se cita a un mariñeiro como testigo , Jose Souto, meu avó.

Os veciños de Loureiro, luar preto de O'Portiño, na Coruña, inda hoxe falan da fuxida. Un delator puxo en coñecemento dos gardas a intención de fuxir dos moitos homes atrapados na cidade baixo o réxime represor dos nacionais.

" Os mozos falaban a gritos que se iban a marchar. Non paraban; na plaza (de Loureiro) vivía(..., o delator), que era soldado nos "Fuentes"(lugar onde estaba a batería de costa, no monte San Pedro) e os denunciou a o oficial da compañía" (Conversa cun veciño de Loureiro)

Os detidos e acusados suman 47, pero distintas fontes elevan a máis dun centenar os participantes. Testemuñas dela falan que se comentaban os detalles en bares e tabernas .

(12) Cariño López alistouse na famosa novena compañía da 2ª División Blindada do Xeneral Leclerc. Nos "carnets de route " do comandante Raymond Dronne se recolle algúns datos da entrevista que se lle fixo antes de alistalo.

"(...)Era un mariñeiro-pescador das costas galegas e antes da caída da República embarcou desde o sur de Alicante, nunha pequena embarcación cunha ducia de soldados cunha provisión de laranxas e fixeron a navegación polo Mediterráneo .."(Traducción miña). Este home desembarcou en Normandía, entrou en París, destacou en varios combates e foi condecorado polo exército francés.

En *Carnets de Route D'un Crouse De La France Libre*

Ed. Livre Autor Raymond Dronne, www.lanueve.net

(13) Mikel Rodríguez (investigador) enviounos un correo electrónico e preguntou a Eduardo Aparicio, soldado do mesmo reximento que meu pai, sobre a presenza de José Souto no 1º Reximento de infantaría estranxeira de Lexión Francesa .

Información de Eduardo Aparicio:

" Al llegar a África, todos iban unos meses a Sidi-bel-Abés donde los tenían marchando por el desierto con la mochila llena de arena y haciendo la instrucción durante varios meses.

Luego los llevaban a Saida, donde aprendían a montar y desmontar un fusil y un fusil ametrallador con los ojos vendados, aunque tirar, tiraban poco para ahorrar munición.

Luego iban ya a la unidad de destino. El caso del 1º regimiento, Sidi-bel-Abés, que era el mayor cuartel de la Legión. Los oficiales franceses los respetaban bastante, más que a sus propios compatriotas.

Respecto a ir al combate contra los alemanes, fue una decisión personal porque las unidades que combatieron en Túnez eran todos voluntarios. Pero casi todos los españoles del 1 y 2 regimiento se apuntaron para combatir a finales de 1942".

(14) Comité Internacional de la Cruz Roja.

Marija Fueg, Archves du CICR

CICR Aveneu dela Paix nº 19 1202 Geneve Suisse

"(...)Incorporation: Légion étrangère, 1º Régiment Etranger d'Infanteria; Nº matricule: 99134; Date et lieu de capture: 19.01.1943 ou 19.02.1943, Tunis (Túnez). Lieux d'internament: ..."Prisionero de guerra en manos italianas

"(Transferido al campo C.C. 77 el 18.03.1943; Prisionero de guerra en manos alemanas transferido del Stalag (barracón) VIII A al Stalag XXID o 10.01.1944...."

(15) Carnet de prisionero de guerra: "Archives du CICR ...das internationale Komitee vom Roten Kreuz..."

(16) Miña nai lembra o comentario de que estivera cos rusos ; supoño que tras do abandono e fuxida dos alemáns da fronte, meu pai conseguiu fuxir.

(17) Eva Feenstra, profesora da universidade de Graz, remíteme o seguinte comentario:

"(...)La ortografía alemana es Görlitz o Goerlitz .., el topónimo polaco es Zgorzelec. La ciudad pertenece hoy a Polonia. Históricamente aquella región (Silesia) fue una región de población mixta (alemanes y polacos). Se encuentra en el distrito de Breslau/Wroclaw (topónimo alemán / topónimo polaco). Supongo que aquella parte fue liberada por el Ejército Rojo. Parece que en febrero de 1945, ante la inminente incursión de las tropas soviéticas, los alemanes evacuaron el Stalag de Görlitz, obligando a los presos a marchas forzadas. Eso ocurrió en muchos de los campos, también de concentración. Se ha dado en llamar estas evacuaciones "marchas de la muerte" ya que los SS ... liquidaban a todo aquel que estuviera demasiado débil para seguir o que faltase a la disciplina...."

(18) Conversa ca miña prima Chiruca, filla da tía Nieves

(19) Solé i Sabate, Josep Maria: La Dictadura totalitaria 1939-1977

En La Vanguardia

"El franquismo llegó a todos los rincones, e incluso se puede afirmar que el Estado español actuó por vez primera sobre el conjunto y ejerció mucha influencia en todas partes. Nadie ni nada quedó inmune a su acción, con todo su peso de autoridad, represión, control, orden, intervención y mediación"